

INFORMACIÓN AOS COLEXIOS DE VETERINARIOS

Seguindo as instruccións do subdirector Xeral de Gandería, procedo a remitirlles información en relación con Lingua Azul.

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño ven de comunicar que, en base á detección de circulación do serotipo 1 do virus da Lingua Azul no principado de Asturias (Grado), decláranse como territorios incluídos na zona restrinxida da enfermidade as zonas comprendidas dentro do radio de 150 km. arredor da zona de circulación viral. Nas ditas zonas están incluídas as seguintes Comarcas veterinarias da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Na provincia de Lugo, as comarcas veterinarias de Os Ancares, Fonsagrada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Meira, Terra de Lemos-Quiroga, Sarria e Terra Cha.
- Na provincia de Ourense, a comarca veterinaria de Valdeorras.

Como consecuencia desta circunstancia, os movementos dende explotacións situadas na dita zona de Galicia quedan suxeitos ao cumprimento da normativa sobre lingua azul, nas condicións que se indican na circular informativa nº 2 que se remite.

Os movementos dende o resto da Comunidade Autónoma quedan suxeitos ás condicións indicadas na circular informativa de lingua azul nº 1.

É necesario indicar que na comunicación enviada polo Ministerio se establece a protección para os movementos de entrada dalgunhas comarcas das Comunidades Autónomas de Asturias, Castela e León e Aragón, que non foron suficientemente definidas, polo que as indicacións respecto aos movementos cara ás Comarcas destas Comunidades poderían variar no día de mañá, data na que o Ministerio se comprometeu a realizar as correspondentes aclaracións. Remítirase a correspondente información complementaria, coas modificacións que procederan, en canto sexa recibida.

En todo caso, poden obter máis información acudindo aos Servizos Veterinarios Oficiais.

Agardando a súa colaboración, reciban un saúdo.